

## MEMORIA DE ACTIVIDADES CORRESPONDENTE AO ANO 2017

Novembro 2017

A presente MEMORIA ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na cláusula sétima do CONVENIO de colaboración asinado no 2017 entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades do CENTRO DE ESTUDIOS COOPERATIVOS (CECOOP).

-I-

Respecto a estrutura do CECOOP, continúa sendo un Centro de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela que ten a finalidade, entre outras, de promover e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión das materias vencelladas co cooperativismo e coa Economía Social, establecendo vínculos con outras organizacións e entidades que teñan fins e obxectivos converxentes cos do CECOOP de ámbito galego, nacional e internacional.

Consonte cos seus obxectivos, o CECOOP ten levado ao longo do ano 2017 un conxunto de actividades, esencialmente coincidentes coas especificadas na cláusula terceira do CONVENIO, que a efectos da súa sistematización agrúpanse tradicionalmente en tres seguintes bloques: actividades de carácter científico e de investigación, actividades de índole eminentemente docente, e actividades de colaboración e de relacións con outras entidades directamente implicadas co cooperativismo e coa economía social.

As actividades previstas no exponendo terceiro de Convenio asinado, foron realizadas a lo largo do curso académico. Dende un punto de vista práctico intentouse que as actividades programadas se adaptaran o máxime posible as dispoñibilidades de espazos, orzamentos e finalidades do CECOOP. Este obxectivo cumpriuse como se xustifica nesta memoria ao executarse o cen por cen das actividades previstas, non obstante novamente ten que executarse o orzamento no prazo de escasos meses por mor de que a USC anuncia a presentación da xustificación do convenio a 30 de novembro e a partida orzamentaria habilitouse fai poucos meses.

Na cláusula segunda do referido convenio indicase : *“O Centro de Estudos Cooperativos, para o cumprimento dos seus fins propios, levará a cabo durante o ano 2017 as seguintes actividades en temas cooperativos e de economía social:*

1. *Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC Internacional e da RED UNIES.*
2. *Participación, en coordinación co CIRIEC e a Consellería de Economía, emprego e Industria, na organización do coloquio Ibérico de Cooperativismo e Economía Social.*

3. *Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.*
4. *Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo na Universidade de Santiago de Compostela.*
5. *Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, que se actualizará cunha periodicidade mínima bimensual.*
6. *Posta en marcha dun sistema permanente, cunha periodicidade mínima bimensual, de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.*

*En especial, no primeiro mes de vixencia do convenio, analizaranse as figuras de microcooperativas ou cooperativas constituídas por dous socios, as cooperativas de impulso empresarial e as cooperativas de emprendedores, con estudo das modificacións legais necesarias para a súa hipotética implantación.*
7. *Realización dun estudo de necesidades e propostas de modificación da Lei de cooperativas de Galicia, para a súa adecuación á realidade social e xurídica actual.*
8. *Ampliación do estudo de necesidades e propostas para a modificación do Regulamento de Rexistro de Cooperativas, incorporando antes do 1 de novembro de 2017, propostas de solución técnica e normativa.*
9. *Adquisición de bibliografía especializada.*
10. *Mantemento e actualización da web da CECOOP así como a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos seus fins.*
11. *Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto."*

Asimimesmo, determinábase na cláusula terceira que "A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprométese a facilitarlle ao CECOOP a información necesaria acerca da operativa rexistral, e a prestar a colaboración necesaria para o desenvolvemento das actuacións", e na cuarta que "A Consellería de Economía, Emprego e Industria contribuirá o financiamento das actividades que realice o CECOOP durante o ano 2017, aínda que sexan anteriores á sinatura do convenio, coa cantidade de DEZAOITO MIL OITOCENTOS EUROS (18 800 €), con cargo á partida orzamentaria 09.40.324C.444.1 da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2017."

Foron cumprimentados do xeito seguinte:

## 1.- Participación activa en sesións de dirección, de execución e científicas de CIRIEC España, do CIRIEC internacional e da RED UNIES

Cumprimentouse do seguinte xeito:

- A asistencia as reunións que foron convocadas para establecer as liñas de actuación do CIRIEC, en canto o CECOOP forma parte da Comisión Executiva e do Consello de Dirección de CIRIEC España

- Participación do CECOOP nas actividades de coordinación da Rede EUNIES a través de colaboracións e de difusión de actividades, pois en canto membro fundador e directivo da mesma, trata de lograr a mellora da difusión da labor científica desenrolada polos institutos e centros de investigación en economía social así como facilitar a intercooperación entre os mesmos aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxía da información no marco dos programas xerais de promoción á investigación.

## 2.- Participación, en coordinación co CIRIEC e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, na organización do Coloquio Ibérico de Cooperativismo e Economía Social.

Celebrado os días 5 e 6 de outubro de 2017 en Santiago de Compostela, o Coloquio Ibérico Internacional de Cooperativismo e Economía Social, organizado por CIRIEC, CIRIEC Portugal e a CECOOP, coa colaboración da Xunta de Galicia, desenrolouse en dos días, con tres sesións e dúas mesas redondas o final de cada xornada, no que se trataron as seguintes ponencias.

O día 5 de outubro, na primeira sesión, baixo o tema **“Conferencias introductorias”**:

- *“El nuevo informe del Comité Económico y Social Europeo sobre la Economía Social”*, a cargo de don José Luis Monzón, Presidente da Comisión Científica de CIRIEC-España.

- *“Responsabilidad Social Empresarial y Desempeño en las empresas de Economía Social”*, a cargo de don Felipe Hernández Perlins, profesor da Universidade de Castela-A Mancha.

Na segunda sesión, tamén celebrada o día 5 de outubro, baixo o tema **“El ámbito y la cuantificación de la Economía Social”**, expuxéronse as seguintes ponencias:

- *“La monetización del valor social en la economía social”* a cargo de don José Luis Retolaza, da Universidade de Deusto.

- *“La experiencia portuguesa en la elaboración de cuentas satélite de la economía social”*, a cargo de dona Cristina Ramos.

Na **mesa redonda desta xornada do día 5 de outubro**, participaron:

- Don Adrián Dios Vicente, vocal do Consello Rector de “Nosa Enerxía Sociedade Cooperativa Galega”.

- Don Manuel Belo Moreira, da Cooperativa AGROS.

- Don Jerónimo Teixeira, da Mútua dos Pescadores.

A xornada do día 6 de outubro, escomenzou cos talleres de presentación de comunicacións, xa que o Comité Científico do coloquio se encargou de seleccionar unha trintena de comunicacións entre todas as aceptadas, que foron presentadas polos seus autores, e que se desenrolaron en sesións paralelas.

Asimismo, tivo lugar a celebración da terceira sesión, relativa a **“Ley gallega de economía social, ley portuguesa de la economía social y panorama de las leyes europeas sobre la materia”**, onde interviñeron:

- Don Manuel Botana, Presidente da Comisión Científica da CECOOP.
- Dona Gemma Fajardo, Directora da Revista Xurídica de Economía Social e Cooperativa.
- Don Joao Salazar Leite, Membro de GECES e Director de Relacións Internacionais de CASES.
- Don Rui Namorado, Presidente do Consello Científico de CIRIEC-Portugal.

Na **mesa redonda celebrada nesa xornada do 6 de outubro**, dedicada a **“La economía social y las nuevas formas de actividad económica en la era digital”**, interviñeron:

- Don José Alberto Pitacas, Vicepresidente de CIRIEC Portugal.
- Don Jorge de Sá, Presidente de CIRIEC Portugal.
- Don Domingo Fernández Uclés, profesor da Universidade de Jaén.
- Don Miguel Jesús Medina Viruel, profesor da Universidade de Córdoba.

Finalmente, tivo lugar o **acto de clausura**.

Adxuntase a esta memoria, o programa e o dossier elaborado en relación co referido Encontro.

Asimismo, destaca a participación no Encontro de Cooperativas Galicia-Norte de Portugal, que tivo lugar o día 20 de xuño de 2007 en Valença, no que se asinou un Protocolo de Colaboración e se trataron os temas da caracterización do sector cooperativo en Galicia e Norte de Portugal, con especial referencia ao Marco normativo e socioeconómico, a cargo de José Antonio Montero, investigador do CECOOP e as Políticas públicas de emprendemento cooperativo, coa intervención de doa Alba Paz Boubeta, subdirectora ceral de Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Asimismo, fíxose especial fincapé na Cooperación Transfronteriza, tratando temas como as Oportunidades para a cooperación na Eurorexión ou as Dificultades legais para as actividades transnacionais, a cargo de Carmen López Rodríguez, tamén investigadora do CECOOP. Na sesión da tarde, tratouse o tema do Emprendemento, con especial referencia as boas prácticas para o fomento do emprendemento así como a investigación e o ensino e as cooperativas

agrarias, intervindo ademáis de representantes de cooperativas galegas, novamente, dona Carmen López Rodríguez, membro do CECOOP.

Adxuntase programa do referido encontro.

Tamén cabe destacar a intervención de José Antonio Montero, investigador da CECOOP, nos traballos de elaboración do Informe Por unha alianza no sector industrial galego, a cargo do Consello Económico e Social de Galicia.

### **3.- Fomento da participación de investigadores do CECOOP en actividades de docencia e formación de investigadores.**

Ao longo do ano 2017 tiveron lugar diversas accións de formación no eido de actuación do CECOOP, entre elas a celebración na EGAP das sesións relativas a *“A economía social como fórmula para o emprendemento”*, desenrolada en catro sesións, celebradas respectivamente os días 24 e 31 de maio, e 7 e 14 de xuño, e nas que participou José Antonio Montero, como representa de CECOOP; en concreto en dúas ponencias:

- A do día 24 de maio, co tema *“A economía social. Novedades lexislativas: a Ley de Economía Social de Galicia, Lei de Cooperativas de Galicia, Lei de sociedades laborais e participadas”*.

- A do día 7 de xuño, na que se tratou o tema *“Proceso de constitución de entidades de economía social: especial referencia o rexistro de cooperativas e outros rexistros públicos”*.

As outras ponencias, estiveron a cargo de don José Baqueiro Estévez, o día 31 de maio, baixo o tema *“Características das distintas fórmulas de economía social. As súas potencialidades para a creación de emprego”* e de dona Alba Paz Boubeta, o día 14 de xuño, baixo o tema *“Apoios públicos ó emprendemento colectivo en economía social”*

### **4.-Impulso e coordinación de actividades da Rede Eusumo nas Universidade de Santiago de Compostela.**

Neste eido traballouse en colaboración coa subdirección xeral de cooperativas e economía social nas actividades de divulgación para as que fomos requeridos ( difusión de mensaxes, consultas e dispoñibilidade de espazos).

**5.- Mantemento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas, a actualizar con una periodicidade mínima bimensual.**

Entre as actividades desenroladas neste ano 2017 está manteamiento do repositorio accesible a través de internet, de lexislación vixente, xurisprudencia e sentenzas de todas as instancias en materia de cooperativas e economía social, estruturado por temáticas que está incluído na Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela e se pode consultar na web: [www.usc.es/cecoop](http://www.usc.es/cecoop).

**6.- Posta en marcha dun sistema permanente, cunha periodicidade mínima bimensual, de vixilancia comparativa entre as distintas comunidades autónomas así como os principais países europeos de referencia, acerca das novidades normativas que poidan resultar de interese para a súa traslación a Galicia.**

En tal sentido, e neste eido fíxose especial seguimento das novidades lexislativas que en materia de cooperativas se presentaron noutras comunidades ou incluso, a nivel estatal; en especial, cabe destacar a reforma aprobada polo goberno en materia de cooperativas de crédito e caixas rurais, aprobada por Real Decreto-ley 11/2017, de 23 de junio, de medidas urgentes en materia financiera, co obxectivo de dotar a estas entidades de solidez financeira acorde coa actual normativa bancaria, e constitución ó efecto dos denominados Mecanismos Institucionales de Protección (MIP).

Tamén a nivel estatal, destacan as medidas adoptadas polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social respecto a cooperativa Fidelis Factu, S. Coop., coñecida como Factoo, a maior cooperativa de facturación de autónomos, ó considerar que existe unha simulación de socios traballadores, ó tratarse de profesionais que traballan por conta propia e non traballadores por conta allea, utilizando a forma dunha cooperativa de traballo asociado.

Xa a nivel autonómico, en Cataluña, destaca a publicación da Ley 7/2017, de 2 de junio, del régimen de las secciones de crédito de las cooperativas, que ten entre os seus obxetivos a creación dun fondo cooperativo de apoio financeiro, para preservar os saldos acreedores das seccións de crédito, así como reforzar a profesionalidade dos órganos de administración e dirección, e aumentar a coordinación entre a administración supervisora e os auditores das seccións de crédito.

Nesta mesa comunidade, dictouse tamén a Ley 5/2017, de 28 de marzo, que modifica a Lei 12/2005, catalana de cooperativas, en concreto, os artigos 132 e 150.3, en relación coas cooperativas de traballo asociado.



No ámbito da comunidade autónoma Valenciana, destaca a publicación da Ley 13/2006, de 29 de decembro, que entrou en vigor en este ano 2017 e que modifica o artigo 67.3 da Lei 2/2015, de cooperativas, en materia de ingresos e gastos.

A destacar a toma de coñecemento por parte do Consejo de Gobierno de Castela-A Mancha para a aprobación dunha nova lei de cooperativas, que recolla por primeira vez a institución da cooperativa rural, e que se prevé leve a denominación de *Ley de Microempresa Cooperativa y Cooperativa Rural*.

Igualmente, está prevista a publicación dunha nova *Ley Vasca de Cooperativas*, a cuxo efecto se iniciaron xa os traballos, estando prevista a presentación do proxecto no Parlamento antes de agosto de 2018, que compendiará as reformas introducidas na normativa vixente desde su promulgación en 1993.

Máis avanzados van os traballos da novo anteproxecto de *Ley de reforma de la Ley Andaluza Cooperativas*, que entre outras novidades inclúe a regulación dun novo réxime sancionador para as seccións de créditos

E os traballos para a aprobación do proxecto da nova *Ley de Cooperativas de Extremadura*, entre cuxas finalidades está en dotar ás cooperativas dunha maior flexibilidade respecto dos principios do cooperativismo e da economía social, a fin de que teñan capacidade para adaptarse ás distintas situacións.

Igualmente cabe destacar que está en proxecto de elaboración o Reglamento de Organización e funcionamento do Rexistro de Cooperativas de Aragón.

Adxuntase a esta memoria o texto das normas e proxectos en curso.

Pero a maiores de levar a cabo unha labor de control e seguimento das distintas novidades e reformas que se están proxectando noutras comunidades autónomas, destaca tamén a realización de diversos estudos que dende o CECOOP se levaron a cabo neste ano, e que serán obxecto de análise pormenorizado noutros apartados desta memoria.

Asimesmo, cabe destacar o avance na realización dun **estudo sobre o alcance óptimo do contido dos estatutos e a súa delimitación fronte a outros instrumentos dispositivos como os regulamentos de réxime interno ou os acordos da asemblea xeral**, e dun estudo sobre os modelos de gobernanza en cooperativas, fundamentalmente, no que se refire á **delimitación competencial entre órganos reitores e xestores, e a compatibilidade entre profesionalidade e funcionamento democrático**.



## **7.- Realización dun estudo de necesidades e propostas de modificación da Lei de cooperativas de Galicia, para a súa adecuación á realidade social e xurídica actual.**

Xustifícase a inclusión deste apartado en que dende hai un tempo tanto as asociacións coma a Administración están a recibir propostas e consultas relativas ao tratamento normativo de iniciativas que non teñen fácil encaixe na actual Lei de Cooperativas de Galicia, e que atoparon diferentes respostas nalgúns outras comunidades autónomas.

En concreto, neste ano plantearonse consultas en relación as microcooperativas, as cooperativas de emprendedores e as cooperativas de impulso procesal.

Adxuntase copia das respostas remitidas ao efecto.

## **8.- Ampliación do estudo de necesidades e propostas para a modificación do Regulamento do Rexistro de Cooperativas, incorporando antes do 1 de novembro de 2017, propostas de solución técnica e normativa.**

Continuando coa labor iniciada no pasado ano 2016, levouse a cabo a ampliación do estudo de necesidades e propostas para o modificación do Regulamento do Rexistro de Cooperativas, con especial atención as derivadas da tramitación telemática, no senso de que dentro das funcións que lle corresponden ao Rexistro de Cooperativas encóntrase a facultade de legalización de libros sociais e de recepción do depósito de contras anuais, e o que se trata de acadar e unha simplificación dos procedementos a fin de eliminar trámites innecesarios e acceder a medios informáticos tanto para os libros do rexistro e os asentos como para a expedición de notas simples. Tense en conta a tales efectos a normativa de outras de comunidades autónomas que teñen avanzado máis nestes aspectos. En especial, lévase a cabo unha valoración dos pros e contras de impoñer con carácter obrigatorio a utilización de medios electrónicos para a inscrición ou a presentación dos libros da cooperativa, e de permitir a convivencia de dos medios tradicionais co acceso ó Rexistro por vía telemática. E explórase a posibilidade de crear unha aplicación informática que permita ós promotores das cooperativas constituír con rapidez a mesma, realizando os trámites por vía telemática, así como tamén levar a cabo telemática mente a presentación de libros e o depósito de contas anuais.

Igualmente, trátase con especialidade o tema da encriptación de arquivos como medio para garantir a confidencialidade, ben sexa a través de un sistema de cifrado de clave simétrica ou dun sistema de cifrado de dobre clave, dando liberdade a cooperativa para a súa elección.

E asimesmo, analízase a necesidade de crear dentro do Rexistro Electrónico da Xunta unha sección dedicada as cooperativas para facer real a implatación dos medios telemáticos na actuación do Rexistro de Cooperativas.

Adxuntase copia do estudo realizado respecto a modificación do Regulamento de Rexistro de Cooperativas de Galicia, así como da proposta de articulado para a redacción do novo Regulamento

#### **9.- Adquisición de bibliografía especializada.**

Na actualidade as referencias bibliográficas que segue a costear o CECOOP con cargo a partida orzamentaria, concréntanse na subscrición anual da revista "NON PROFIT AND VOLUNTARY SECTOR QUARTERLY" de SAGE PUBLICATIONS L, e na publicación da REVISTA XURÍDICA DE ECONOMÍA SOCIAL E COOPERATIVA Nº 29 CIRIEC-ESPAÑA, nunha tirada de 50 exemplares.

#### **10.- Mantemento e actualización da web da CECOOP así como a reposición de material funxible necesario para o cumprimento dos seus fins.**

Neste apartado figura o abono do web master – a USC non se fai cargo da páxina weo do CECOOP, aínda que se ubique enlazada na oficial da Universidade-, e de mantemento e consumibles dos ordenadores, impresoras e cables de conexión para compatibilizar os ordenadores coas instalacións da facultade de CCEE e de Dereito. A Web recolle as publicacións do CECOOP, ase como as ponencias e relatorios de interese elaborados por investigadores do CECOOP ou por participantes en mesas, seminarios ou xornadas celebradas con arreglo aos convenios de colaboración. Inclúense tamén os gastos de actualización de software e mantemento de equipos utilizados polos investigadores do CECOOP.

#### **11.- Cooperación coa Secretaría Xeral de Emprego nos temas de interese conxunto.**

En este eido, destacar que está prevista a celebración no mes de decembro de unha xornada que levará por título Responsabilidade Xurídica das Cooperativas, e no que está previsto participe, entre outras persoas, José Antonio Montero, investigador do CECOOP. A tal efecto, indicar que no seo da CECOOP redactouse un Código de Boas Prácticas das Sociedades Cooperativas Galegas, en canto regras de actuación que, sendo voluntariamente aceptadas polos seus destinatarios, están dirixidas a dotar de confianza ás relación xurídicas no seo da cooperativa e na súa relación con terceiros, tanto clientes, como provedores e incluso, órganos da Administración.

Esta xornada contará coa inauguración da Secretaria Xeral de Emprego, dona Covadonga Toca Carús, que participa así na organización da mesma.

Aínda que a labor máis importante neste punto ven constituída polos informes e dictames elaborados por membro da CECOOP en temas de importancia na cooperación con este organismo.

Neste senso destaca o estudo realizado por don Rafael Millán Calenti sobre As cooperativas de impulso empresarial, labores de intermediación e “cooperativas de facturación”, na regulación que se

acolle en distintas comunidades autónomas (Cataluña, Cantabria ou Andalucía) que xa poñía de relieve onde podía estar o fraude en este tipo de cooperativas, cando funcionan como cooperativas “pantalla” que enmascaran a utilización de falsos traballadores temporais ou a utilización da cooperativa para a emisión de facturas correspondentes a terceiros que son realmente traballadores autónomos.

En particular, asimismo, cabe facer referencia ao **Estudo sobre cooperativas de emprendedores**, obra de José Antonio Montero, sobre a regulación destas cooperativas na normativa estatal y autonómica, con especial incidencia na proposta para a reforma dos artigos 103 e 115 da Lei galega.

E, igualmente, ó **Estudo sobre as modificacións da Lei 5/1998, de 18 de decembro, para a inclusión da posibilidade de creación de microcooperativas**, a cargo do profesor Manuel Botana Agra, que propón a modificación, entre outros dos artigos 7, 104 e 114 da lei, así como a introducción de novos preceptos como o 7 bis ou 104 bis.



VºB O secretario